

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

23 de marzo de 2020

REXISTRO SAÍDA Nº 37

CIRCULAR 7/2020

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2020

1.- SUSPENSIÓN DA COTA COLEXIAL, COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLO REAL DECRETO 463/2020, DO 14 DE MARZO.

Perante a excepcional situación socio-sanitaria que se presenta como consecuencia da propagación do COVID-19, así como pola declaración do Estado de Alarma aprobado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo onde no seu artigo 10, onde se establece a suspensión de apertura ao público de diversos negocios e, tendo en conta que nin as clínicas dentais, nin os laboratorios de prótese dental están incluídos nas actividades obrigadas ao peche así como que as clínicas dentais tan só poderán atender as urxencias e emerxencias, sendo aprazados todos os demais tratamentos e, como consecuencia, os laboratorios teñen cada vez menos actividade ao non recibir encargas de deseño e fabricación de próteses dentais, o Pleno da Xunta de Goberno do Colexio na sesión Extraordinaria-Urxente 3/2020 celebrada con data de 21 de marzo acordou o **APRAZAMENTO DA COTA COLEXIAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2020.**

Todos aqueles colexiados que non desexen o aprazamento da devandita cota colexial e desexen que se lle xire a cota colexial ordinaria, deberán poñelo en coñecemento da Secretaría Técnica do Colexio.

Procederase ao cobro ou fraccionamento da cota colexial aprazada unha vez finalice o Estado de Alarma.

2.- MEDIDAS COMO CONSECUENCIA DO ESTADO DE ALARMA

Por outra banda, tal e como se expuxo con punto anterior, considerando a merma da actividade nos laboratorio ao non recibir encargas de deseño e fabricación de próteses dentais por parte das clínicas, véndose moitos nas necesidade de cesar na actividade, por parte do o Pleno da Xunta de Goberno do Colexio na sesión Extraordinaria-Urxente 3/2020 celebrada con data de 21 de marzo, adoptáronse as seguintes medidas:

- A atención e asesoramento sen custe algún a todos os colexiados sobre todo aquilo que necesiten no referente ao desenvolvemento da súa actividade por parte da Secretaría Técnica do Colexio.
- A tramitación sen custe por parte do Colexio das axudas correspondentes motivadas polo cese de actividade como protésico dental a todos aqueles colexiados autónomos que o soliciten que contén con ata 2 traballadores, para os laboratorios de 3 ou máis traballadores deberán contactar co Colexio para valorar as súas circunstancias a título particular.
- A tramitación se custe algún por parte do Colexio da tramitación dos expedientes de regulación de emprego temporal, para todas as empresas e sociedades que necesiten a realización dun ERTE que contén con ata con 2 traballadores, para os laboratorios de 3 ou mais traballadores, igualmente, deberán contactar co Colexio para valorar as súas circunstancias a título particular.

3.- PRÉSTAMOS BANCARIOS PARA NECESIDADES DE LIQUIDEZ

O Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, recibiu aviso da inminente saída a comercialización dunha liña de financiación específica para cubrir necesidades de liquidez, derivadas dos efectos da crise sanitaria. Aínda están pendentes de concretar detalles pero polo de agora adiántase o seguinte:

BANCO SANTANDER;

O prazo permitido é de dous, tres ou catro anos, cun ano obrigatorio de carencia.

O tipo de interese é tipo fixo do 1,49%

Documentación a aportar:

CIF ou DNI

Escritura de constitución ou estatutos

Modelo 036 ou 037 ou modelo 200

BBVA

Tipo de interese. Tipo 1,50%

Modalidade. Préstamo.

Prazo. 1, 2, 3 ou 4 anos. Con 1 ano de carencia.

Finalidade. Financiar necesidades de liquidez

Todos aqueles colexiados interesados, podedes poñervos en contacto coa Secretaría Técnica do Colexio, para ofrecervos toda a información que necesitedes.

Un saúdo

Avelino J. Sanmartín Caamaño

Presidente do C.O.P.D.G.